

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández, Flora María Miranda Pena e Luís Villares Naveira, Deputadas e Deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ata este luns, 26 de novembro de 2018, o Concello de Carballedo (Lugo), con 2.266 habitantes, o 40% por riba de 65 anos, contaba cun centro de saúde, na localidade da .Barrela, e co consultorio de Castro

A partires de agora, a actividade asistencial neste concello vai concentrarse na Barrela. Aínda que as dúas localidades distan entre si só uns 2,7 km, trátase dos dous núcleos de concentración de poboación dun Concello moi envellecido e con poucas alternativas de .transporte, nun contexto de baixas pensións

Até o de agora, había tres profesionais de Medicina de Familia no Concello, pasando, coa recente xubilación dun deles, a contar con dous profesionais, que se reparten así o cupo de tarxetas, a razón dunhas 850 por profesional. Aínda sendo unha rateo que non excede o recomendado, hai que ter en conta que o Concello ten unha poboación moi envellecida, .con máis patoloxías crónicas

Carballedo súmase á oleada de recortes sanitarios no medio rural, o que vai acentuar, con .esta perda de servizos, a recesión demográfica de moitos concellos, como é o caso

Por outra parte, dende En Marea non entendemos o proceder da Xunta, que acomete a reorganización sanitaria en Carballedo sen contar coa cidadanía. A asociación veciñal de Castro de Carballedo ten denunciado que coñecía os plans do Sergas por terceiras persoas e que os cambios se terían axilizado logo das mobilizacións veciñais para .recollida de sinaturas

O SERGAS indica que se van implantar “novas formas de asistencia sanitaria”, como a atención a domicilio a pacientes crónicos. A estratexia de cronicidade presentada polo SERGAS non é máis que “vender” o que as profesionais da Atención Primaria levan facendo dende sempre. O que verdadeiramente precisa a Atención Primaria son máis medios humanos e estruturas de xestión propias, para poder atender con calidade e

tempo a todas e todos os pacientes, tamén para ter máis tempo para a atención a domicilio. Dende En Marea tamén defendemos incluír en todo o territorio a figura do Traballador/a Social sanitario (algo no que a provincia de Lugo é moi deficitaria) e a saúde mental na Atención Primaria. Deste xeito, reforzando a Atención Primaria, atenderíamos as necesidades sociais, melloraríamos a saúde da poboación, pois tamén se faría máis prevención, e resolveríamos na proximidade patoloxías que non terían que derivar á .Atención Especializada

:Polo exposto, as Deputadas que subscriben pregunta á Xunta

?Cando decidiu a Xunta a reorganización sanitaria en Carballedo .1

?Como, cando e a que organismos e persoas o comunicou .2

**Por que diminúe a Xunta o número de profesionais de Medicina de Familia no .3
?Concello de Carballedo**

**Como vai garantir a Xunta unha mellor asistencia sanitaria á cronicidade con .4
?menos profesionais sanitarios nun concello envellecido**

?Por que non mantén a Xunta o consultorio de Castro de Carballedo .5

**Non considera a Xunta que o peche do consultorio de Castro empeora a .6
?accesibilidade da poboación envellecida rural á Atención Primaria**

?Que “novas formas de asistencia sanitaria” vai implantar a Xunta en Carballedo .7